


andaina

REVISTA DO MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO

N.º 9 - Xaneiro-Febrero, 1986



PÁXINA de DEBATE

★ A



MULLER

GALEGA

NON

EXISTE ★

Pode que o que vou dicir a continuación sexa mentira, pero tanto si o é coma se non, gustaríame que calquera que o le me faga chegar a súa aportación de ideas, por ver se entre todas podemos descubrir cales son as inquiredanzas, sabores e sensabores das mulleres galegas e tratar de trocar a nosa vida.

A muller galega parece que non tivo demasiada importancia para os sociólogos, antropólogos, políticos,... xa que non hai ningún estudo ne nengunha publicación importante sobor dela especificamente.

Se non fose porque eu son muller e son galega e sinto por esas dúas cousas que teño unhas características e inquiredanzas propias hobera pensado que as mulleres galegas non existimos mais que como nomes nas listas do censo electoral ou como masas amorfas que ás veces vense mover polos mercados ou dentro das casas.

Ninguén parece saber o que fan as mulleres, como viven o seu traballo as relacións familiares e como interiorizan os seus problemas. E sobor de todo como conseguir que a muller se recoñeza e valore a sí mesma, loitando activamente para lograr unha transformación desta sociedade na que sexan tidos en conta os seus valores.

Galicia é unha nación asoballada, e polo tanto sempre se tentou de ocultar a súa cultura, os seus costumes, a súa lingua,... Non existían. Non é polo tanto de extrañar que nunca se tivese en conta a existencia da muller.

Pero en Galicia xurdíu un movemento nacionalista, entón decatámonos de que tiña unha lingua, unha cultura e unha identidade propias como galegos e loitouse para facer rexurdir esa cultura, para que non se destrúa a identidade galega.

Nembargantes, ninguén pareceu notar que Galicia tiña mulleres; mulleres galegas, diferentes dos homes, aínda que falemos a mesma lingua, somos diferentes porque temos problemas e sentimentos específicos de mulleres.

Ninguén pareceu notar que en Galicia as mulleres tamén contamos. Somos canto menos a metade da poboación e temos moito que dicir acerca da liberación de Galicia coma pobo asoballado. Mais ben parece que as mulleres temos que seguir sendo masas amorfas ó servizo duns homes que se din liberadores de homes pretendendo incluír na verba "homes" tamén as mulleres.

Na realidade as mulleres seguimos sen existir no mesmo senso en que as forzas tradicionais fixeron crer que a identidade de Galicia como nación non existía.

En Galicia apareceu un movemento feminista e a pesares de estar formado por mulleres galegas asoballadas coma mulleres e coma galegas, mesmo pareceu que non nos decatáramos delo. A nosa loita e as nosas preocupacións baseáronse sobor de todo en demostrar que estamos asoballadas por homes como todas as mulleres do mundo, pero non nos paramos a pensar cales eran as nosas características específicas. Por que aínda que todas as mulleres estamos oprimidas ten que ser distinta unha loita feminista en Suecia dunha loita feminista en Sudáfrica.

Por iso eu creo que a principal característica da muller galega é a súa non existencia, cada muller non existe namais que para si mesma.

Eisí, e como conclusión en Galicia o primeiro que temos que facer e descubrir e amosar a nosa existencia. Temos que explicarlles ós homes galegos que nós temos unha historia e unhas características específicas.

Dende eiquí fago un chamamento a todas as mulleres galegas para, entre todas e nós soas porque nosa é a causa, poidamos conseguir un movemento feminista nacionalista, un movemento nacionalista feminista.

M. X. Antas